



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E TRES REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E SEIS DE FEBREIRO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e seis de febreiro de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. M^a Mar Villaverde Rosales, D. Manuel Domínguez Alvarez, D. Alberto Villaverde Méndez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusa a non asistencia á reunión a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez e asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3790.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 29 DE XANEIRO E 7 DE FEBREIRO DE 2013.- De conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta pola Secretaria presente na sesión das actas anteriores correspondentes aos días 29 de xaneiro e 7 de febreiro de 2013 e non formulándose observación ningunha contra ás mesmas estas quedan aprobadas polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros.

3791.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: “3780.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Departamento de Intervención; 3781.- INTERVENCIÓN/TESOURERÍA, INFORME TRIMESTRAL DO CUMPRIMENTO DA LEI 5/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE 4º TRIMESTRE EXERCICIO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Departamento de Intervención; 3782.- SECRETARÍA, ELECCIÓN XUIZ DE PAZ TITULAR DESTA MUNICIPIO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia; 3783.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE PARA INSTAR AO GOBERNO ESTATAL A PRORROGAR O PROGRAMA PREPARA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e procedeuse ao seu arquivo; 3784.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE EN DEFENSA DO SERVIZO DE SALVAMENTO MARÍTIMO DA XUNTA DE GALICIA E DOS SEGUROS POR MAL TEMPO OU ACCIDENTES DO MAR.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Parlamento de Galicia, Grupo parlamentarios e ás confraría de pescadores que operan no municipio; 3785.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG, PSOE E PP SOBRE OS PROXECTOS PRIORITARIOS PARA O CONCELLO DE POIO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas; 3786.-

MOCIÓN CONXUNTA BNG-PSOE RELATIVA AOS FONDOS DO PLAN CONCERTADO E PROGRAMA DE TELEASISTENCIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Presidencia do Goberno de España, Federación Española de Municipios e Provincias, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e axentes sociais; 3788.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO EXERCICIO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3789.- APROBACIÓN ORZAMENTO XERAL EXERCICIO 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención, remitiuse e publicouse anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.”. A Corporación dáse por enterada.

3792.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía adoptadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos/as concelleiros/as xunto cos demais asuntos que conforman a orde do día; a corporación dáse por enterada.

Neste momento entra no Salón de Sesiós o Concelleiro D. Javier Domínguez Lino.

3793.- NOMEAMENTO REPRESENTANTE TÉCNICO E SUPLENTE NO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE NA ÁREA DE IGUALDADE.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 18 de febreiro de 2013 e que di o que segue: “Dáse conta da Proposta da Alcaldía de data 5 de febreiro de 2013 que textualmente di o seguinte: “Mediante acordo de Pleno número 3547 adoptado en sesión extraordinaria realizada o 05 de xullo de 2011 aprobose o nomeamento no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como representante titular a D. Luciano Sobral Fernández e como representante suplente a D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro.

Así mesmo no mesmo acordo nomeouse como representante técnico titular deste Concello a D^a. Ana Campos Comín e como representante técnico suplente a D^a. Helena Martínez Epifanio.

Atendendo á organización e funcionamento do Fondo Galego de Cooperación, esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Nomear como representante técnico titular na área de Igualdade a D^a. Raquel Morales Ferro e como representante técnico suplente a D^a. Lidia Fazanes Estévez.”

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou dictaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a súa aprobación.”.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola devandita comisión adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Nomear no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade como representante técnico titular na área de Igualdade a D^a. Raquel Morales Ferro e como representante técnico suplente a D^a. Lidia Fazanes Estévez.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e ás interesadas.

3794.- CAMBIO DENOMINACIÓN VÍAS EN VILARIÑO.- Pola Secretaria dáse conta do expediente tramitado e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas en sesión realizada o 18 de febreiro de 2013 e que di o que segue: “Previa declaración de urxencia por unanimidade de asistentes, dáse conta do expediente, do informe da arquitecta municipal de data 13 de febreiro

de 2013 e da Proposta da Alcaldía de data 14 de febreiro de 2013 que propón que se regularice o vial denominado Rúa Vilariño, do lugar de Vilariño, tal e como indica a arquitecta municipal no seu informe plantexando a modificación de dito vial da seguinte maneira: Un tramo quedaría denominado como “**Rúa Vilariño**”, outro “**Camiño Fraguíña**”, outro “**Camiño Carroceiro**”, outro “**Camiño Rocelos**”, outro “**Camiño Souto**”, outro “**Camiño O Pedregal**” e para a praza proponse dous nomes “**Praza Vilariño**” ou “**Praza do Souto**”.

O Sr. Moldes Martínez di que o seu Grupo Político vaise abster na votación ata o Pleno co fin de recabar máis información sobre os nomes.

A Comisión por 4 votos a favor, ningún voto en contra e 2 abstencións do PP acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno que o vial denominado “Rúa Vilariño” resulte dividido nos seguintes: “**Rúa Vilariño**”, outro “**Camiño Fraguíña**”, outro “**Camiño Rocelos**”, outro “**Camiño Carroceiro**”, outro “**Camiño Souto**”, outro “**Camiño O Pedregal**” e para a praza proponse o nome de “**Praza Vilariño**”, e que se comunique este acordo a Oficina de Servizos Municipais e ao Departamento de Estatística para proseguir a súa tramitación e comunicacións oportunas aos interesados antes da incorporación ao Padrón Municipal de Habitantes. ”

Antes de proceder á votación do presente asunto pola Secretaria presente na sesiónponse de manifesto que este tipo de expedientes non poden supoñer a creación de novos viais e ademais de notificar á veciñanza do lugar deberíase establecer un período de información pública para que, se así se considera oportuno, se poidan presentar alegacións ou reclamacións.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), ningún voto en contra e 7 abstencións do PP aprobou o ditame emitido pola comisión informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a división do vial denominado “rúa Vilariño” nos seguintes tramos: “**Rúa Vilariño**”, outro “**Camiño Fraguíña**”, outro “**Camiño Rocelos**”, outro “**Camiño Carroceiro**”, outro “**Camiño Souto**”, outro “**Camiño O Pedregal**” e para a praza proponse o nome de “**Praza Vilariño**”,

Segundo: Establecer un período de información pública polo prazo de 20 días hábiles para que os/as interesados/as no expediente formulen as alegacións que estimen oportunas e de non producirse alegación ningunha entenderase aprobado definitivamente.

Terceiro: Unha vez rematado o período de información pública, se non se presentan alegacións, notificar aos interesados/as e á Oficina de Servizos Municipais e Departamento de Estatística.

3795.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E PSOE, EN RELACIÓN AO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER, 8 DE MARZO.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a inclusión do presente acordo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha esta queda aprobada polo voto favorable dos dezasete membros presentes sendo este o seu número legal de membros.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura íntegra do texto da moción e que di textualmente: “**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:** A igualdade foi avanzando ó longo dos anos grazas a modernización da sociedade e consecuencia do esforzo e a loita infatigable de moitas organizacións como as feministas que coas súas iniciativas conseguiron que a muller fose ocupando espazos

no emprego, na política, na sociedade.... reservados historicamente para os homes. Na actualidade, non se pode falar dunha igualdade efectiva, seguen existindo importantes desequilibrios, por iso, precisamos seguir avanzando, máis tamén é preciso sobre todo consolidar o xa conquerido.

Os recortes nos servizos públicos supoñen un aumento da histórica e persistente brecha salarial entre homes e mulleres e á retirada paulatina destas do mercado laboral, cando non poidan levar as crianzas as garderías, cando teñan que coidar dos seus maiores enfermos e/ou dependentes.

A reforma laboral eliminou a bonificación que percibían as empresas que reincorporaban ás mulleres nos catro anos posteriores á maternidade, ó derogar o artigo 4.2. da Lei 43/2006 de 29 de decembro; os empregos feminizados tenden a estar peor pagados e ter menor proxección, un claro exemplo atópase na normativa aplicable as empregadas do fogar que lles obriga a asumir unha porcentaxe da cotización a Seguridade Social; as medidas propostas para combatir a crise diríxense a sectores económicos que empregan maioritariamente a homes (construción, industria do automóvil,...), mentres que os demais sectores da economía que puideran empregar a mulleres son ignorados (pequeno comercio, servizos..). Isto ligado ós recortes en Sanidade, Educación e Servizos Sociais, que presentan unha elevada proporción de mulleres empregadas, fan que se incremente a taxa de desemprego feminino de forma considerable, situando as mulleres novamente en tarefas de coidado, crianza e dependencia.

Asemade, por imperativo legal as mulleres teñen que acudir ós tribunais para arranxar todas aquelas cuestións relativas ó estado civil, ás relacións materno/filiais e ás crises matrimoniais. A aplicación da nova Lei de taxas xudiciais, vencellado coa diminución dun 24% do orzamento para 2013 en materia de igualdade e violencia de xénero, están afectando ás posibilidades de denuncia das agredidas, a concesión de órdenes de protección, os recursos de acollida, a calidade da atención, retraso na tramitación dos asuntos xudiciais,...

O Centro de Información á Muller deste Concello ven constatado que por exemplo o nomeamento de avogado ou avogada de oficio tarda ata tres meses, que hai moitas máis denegacións de asistencia xurídica gratuita que con anterioridade e que gran parte das súas usuarias están en situación de desemprego ou traballan no sector servizos e mentras ata o de agora ían subsistindo cos empregos precarios e a tempo parcial, agora nin sequera dispoñen de esa fonte de ingresos, formando parte tristemente do amplo colectivo en risco de exclusión social.

Polo exposto, o grupo municipal do BNG e o grupo municipal socialista solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO

Instar ao Goberno do estado:

1. á derogación da Reforma laboral.
2. á derogación da Lei de Taxas Xudiciais.
3. elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.

Instar ao Goberno do estado e a Xunta de Galiza:

- Á paralización do desmantelamento do Estado de Benestar e o mantemento das partidas orzamentarias destinadas o sector público.
- Ao mantemento da Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, así como de todos os centros de planificación familiar de Galiza.

A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza.”

A Voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Díaz Iglesias, antes de proceder á explicación e á defensa da moción presentada solicita que igualmente o acordo adoptado se comunique ao goberno do estado.

A continuación, pon de manifesto que coa moción preténdese que todos aqueles dereitos adquiridos pola muller, non se vexan minorizados pola crise, porque a repercusión das leis que ultimamente se están aprobando fan que as mulleres perdamos eses dereitos e que fan que se reclúan nas súas casas e sobre todo na brecha salarial e parece que coa crise non hai mellor escusa.

A Sra. Besada Lores, Voceira do Grupo Municipal Socialista, explica que todos os anos se traía unha moción do día 8 de Marzo, consensuada entre os tres grupos políticos, pero desde hai uns anos non soe ser así, o Grupo Municipal do PP, non se adhire ao texto, e pregunta cal é motivo, se non coñecen o texto ou están en desacordo co mesmo.

De todos os xeitos, estamos de acordo que a reforma laboral prexudicar dunha forma especial ás mulleres, rebaixando o soldo, creando unha diferenza entre homes e mulleres, e sufrindo máis paro. Todo o que solicita no texto da moción é para mellorar e non retroceder en dereitos e benestar.

A Concelleira do Grupo Municipal Popular, a Sra. Nieto García pon de manifesto que si coñecen o texto da moción, que lle foi entregado coa orde do día, pero que non a apoian e o seu grupo non se vai adherir ao mesmo.

O pasado 14 de febreiro, houbo unha presentación da Secretaría Xeral de Igualdade, á que asistiron o Sr. Alcalde e a Concelleira Delegada de Benestar e da Muller, na que deu a coñecer o VI Plan Galego para a Igualdade, no que nos orzamentos, que se aprobarán o vindeiro venres, se recolle un investimento de 220 millóns de euros nun plan de actuación do 2013-2015 no que pon en marcha unha serie de medidas para a loita pola igualdade.

A Sra. Salgueiro Piñeiro, di que certamente asistiu a esa reunión e se hai ese investimento é porque os fondos veñen de Europa, e vanse realizar máis subvencións, pero esperemos que todas estas intencións non se queden en promesas e non se siga recortando por exemplo en Educación e noutras políticas que afectan directamente ás mulleres. E se se cumpren, rectificarei e felicitaréi á Secretaría Xeral.

Unha vez rematado a quenda de intervencións, sométese a votación os acordos do textos da moción os que quedan aprobados por 10 votos a favor (8 BNG e 2 PSOE), 7 votos en contra do Partido Popular e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Instar ao Goberno do estado:

- Á derogación da Reforma laboral.
- Á derogación da Lei de Taxas Xudiciais.
- Elaboración dun Plan de Emprego para as Mulleres, que incida na incorporación das mulleres ao emprego remunerado, que recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, que incorpore liñas específicas para atallar a discriminación das mulleres nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras...) nos que hai un importante presenza feminina.

Segundo: Instar ao Goberno do estado e a Xunta de Galiza:

- Á paralización do desmantelamento do Estado de Benestar e o mantemento das partidas orzamentarias destinadas o sector público.

- Ao mantemento da Lei actual de Saúde Sexual e Reprodutiva e Interrupción Voluntaria do Embarazo, así como de todos os centros de planificación familiar de Galiza.

A Corporación municipal acorda dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galiza, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e ao Goberno do Estado.

MOCIÓN URXENTES, ROGOS, PREGUNTAS E INTERPELACIÓN

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde levántase a sesión ás dezanove horas e cincuenta e cinco minutos da que se redacta a presente acta de todo o que eu, secretaria acctal, dou fe.